

ACTIVIDADE ACUÁTICA ESCOLAR

2017-2018

O programa municipal de actividade acuática escolar terá lugar nas piscinas municipais da Fábrica, Oleiros e Dorneda desde o 2 de outubro de 2017 ao 15 de xuño de 2018, a actividade terá carácter anual, realizando unha sesión semanal durante todo o curso académico e coincidindo co propio calendario escolar do centro.

MATRÍCULAS

● **Inscripción:** Do 11 ao 15 de setembro de 2017. A inscrición realizarase na mesma piscina que lle corresponda segundo a actividade (os cursillistas da Fábrica deberán inscribirse na piscina de Perillo). Os formularios repartiranse a partir do 11 de setembro nos centros de ensino e máis estarán á vosa disposición en calquera das catro piscinas. Debedes levar cuberta a ficha de inscrición anexa polas dúas caras, onde debe constar o voso número de conta para realizar os correspondentes pagos mensuais (por domiciliación bancaria).

Para darse de baixa no curso, deberedes comunicalo na recepción da vosa piscina antes do día 20 de cada mes, evitando así o cargo do recibo do mes seguinte na entidade bancaria.

● **Sorteo:** Dado que as prazas son limitadas, se fose preciso, éstas distribuiranse segundo o resultado dun sorteo público o día 20 de setembro (ás 14:00 horas, no auditorio do centro cultural da Fábrica). Non obstante, en caso necesario, abríranse novos grupos para intentar dar acollida a toda a demanda escolar (sempre que fose posible).

● **Prezos Públicos (aprox.):** - Educación Infantil: 9'60 €/mes
- Educación Primaria: 7'20 €/mes

As familias numerosas aplicaráselles os correspondentes descontos segundo a legislación actual vixente. Nestes casos a inscrición debe ir acompañada dunha fotocopia do correspondente título emitido pola Delegación Provincial da Consellería de Familia, e debedes deixalo indicado na folia de domiciliación, co obxecto que a empresa xestora realice o desconto oportuno.



RECOMENDACIÓNS BÁSICAS

Lémbrede que os/as nenos/as teñen que levar: **bañador, gorro, chancas e toalla** (este material é obrigatorio) e **optativamente as gafas**.



Como norma xeral, en cada unha das piscinas nas que se desenvolve o programa, un responsable da empresa concessionaria reunirá o grupo no vestíbulo da entrada á piscina, onde pasará lista e posteriormente acompañará ao grupo aos vestiarios que lle corresponda. Cada instalación organizará a entrada nos vestiarios como considere oportuno, para lograr unha total operatividade.

No caso dos grupos de infantil, irán acompañados por un adulto responsable e utilizarán o vestiario que lle corresponda segundo o sexo do adulto.

Os nenos maiores de 6 anos deberán cambiarse tamén no vestiario que lles corresponda (masculino, feminino ou habilitado para nenos/grupos), e entrarán acompañados por un adulto do mesmo sexo, sempre que os responsables da actividade o consideren necesario para o control do mesmo.

Se algunha nai ou pai tivese interese en mudar de grupo e horario ao seu fillo deberá comunicalo na recepción da piscina, onde analizarán as posibilidades de realizar o troco en función das prazas vacantes.



PROGRAMA MUNICIPAL DE ACTIVIDADE ACUÁTICA ESCOLAR

Centros de ensino público de primaria e educación infantil

PISCINA MUNICIPAL DA FÁBRICA (inscricións na piscina de Perillo)

Curso	días	horarios	sinalar opción
CEIP Valle Inclán 3º e 4º curso	luns	18:00 18:50	
CEIP Valle Inclán 1º e 2º curso	martes	18:00 18:50	
CEIP Valle Inclán 4º E. Infantil	mercores	17:10 18:00	
CEIP Valle Inclán 5º E. Infantil	mercores	18:00 18:50	
CEIP Valle Inclán 6º E. Infantil	xoves	17:10 18:00	
CEIP Valle Inclán 6º E. Infantil	xoves	18:00 18:50	
CEIP Valle Inclán 5º e 6º curso	venres	17:10 18:00	

PISCINA MUNICIPAL DE OLEIROS

Curso	días	horarios	sinalar opción
CEIP Rabadeira 1º e 2º curso	luns	16:00 16:50	
CEIP Rabadeira 4º E. Infantil	luns	16:50 17:40	
CEIP Rabadeira 3º e 4º curso	martes	16:00 16:50	
CEIP Rabadeira 5º E. Infantil	martes	16:50 17:40	
CEIP Rabadeira 5º e 6º curso	mercores	16:00 16:50	
CEIP Rabadeira 6º E. Infantil	mercores	16:50 17:40	
CEIP Nós 5º e 6º curso	xoves	16:00 16:50	
CEIP Nós 3º e 4º curso	xoves	16:50 17:40	
CEIP Nós E. Infantil	venres	16:00 16:50	
CEIP Nós 1º e 2º curso	venres	16:50 17:40	

PISCINA MUNICIPAL DE DORNEDA

Curso	días	horarios	sinalar opción
CEIP Luis Seoane 4º e 5º E. Infantil	luns	16:30 17:20	
CEIP Luis Seoane 1º e 2º curso	luns	17:20 18:10	
CEIP Parga Pondal 5º e 6º curso	martes	16:30 17:20	
CEIP Parga Pondal 1º e 2º curso	martes	17:20 18:10	
CEIP Parga Pondal 3º e 4º curso	mercores	17:20 18:10	
CEIP Parga Pondal 4º e 5º E. Infantil	xoves	16:30 17:20	
CEIP Parga Pondal 6º E. Infantil	xoves	17:20 18:10	
CEIP Luis Seoane 6º E. Infantil	venres	16:30 17:20	
CEIP Luis Seoane 3º e 4º curso	venres	17:20 18:10	
CEIP Luis Seoane 5º e 6º curso	venres	18:10 19:00	

- Inscrición: do 11 ao 15 de setembro de 2017
- Comezo: 2 de outubro 2017 / Remate: 15 de xuño 2018



Máis Información: www.oleiros.org
Servizo Municipal de Deportes

Cortar por aquí

ATIVIDADE ACUÁTICA ESCOLAR

Datos persoais

Nome e apelidos do/a participante:

Data de nascimento:

Nome e apelidos do/a pai/nai ou tutor/a:

NIF: Enderezo:

Enderezo electrónico:

Teléfono 1: Teléfono 2:

CÓDIGO CONTA CLIENTE IBAN:

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31 32

NATACIÓN INFANTIL (9,60 €/mes)

- Preço normal
- Desconto família numerosa
- Desconto família num. especial

NATACIÓN PRIMARIA (7,20 €/mes)

- Preço normal
- Desconto família numerosa
- Desconto família num. especial

En cumprimento coa Lei orgánica de protección de datos, informámoslle, e Vde. consente expresamente ao asinar este documento, que os datos facilitados no mesmo, así como os achegados con posterioridade sexan incorporados a un ficheiro titularidade do Concello no que se atopa radicado o centro deportivo, sendo tratados pola entidade concesionaria do servizo, Aqualia Xestión Integral da Auga, S.A., (en diante Aqualia). A finalidade e a xestión da relación contractual mantida con Vde., así como a atención as súas consultas e poderlle remitir información sobre novidades, actividades ou servizos do Concello ou da concesionaria, que poidan resultar do seu interese, a través de diferentes medios, incluíndo os electrónicos. Vde. poderá negarse ao tratamento con finalidade comercial, marcando cun X o seguinte cadro:

☐ Non desexo recibir información sobre novidades, actividades ou servizo.

Mediante a sinatura da presente cláusula Vde. autorízanos expresamente para que a súa imaxe poida ser incluída en medios de comunicación do Concello e/ou Aqualia (paxina web, revistas, newsletter, etc.) ou en calquera acto de difusión e/ou comunicación propios das devanditas entidades. Vde. poderá negarse ao tratamento da súa imaxe, marcando cun X o seguinte cadro:

☐ Non desexo que se realice un tratamento da miña imaxe.

Vde. poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixindo unha solicitude por escrito, coa ref. "Protección datos" e fotocopia do seu DNI, á entidade concesionaria no enderezo: Ulises nº 18-4º planta. 28043 MADRID.

Asdo. nai / pai / titor/a:



Cortar por aquí



■ Piscina municipal de Oleiros
Telf. 981 611 338



■ Piscina municipal da Fábrica
Telf. 981 634 030



■ Piscina municipal de Dorneda
Telf. 981 614 430

Concello de Oleiros

www.oleiros.org

Concello de Oleiros

www.oleiros.org

Programa municipal de

ACTIVIDADE ACUÁTICA ESCOLAR

2017-2018